

CARREIRA SOLIDARIA “VALES VILLAMARÍN” 2024. NOTA INFORMATIVA FAMILIAS

O vindeiro **venres, 10 de maio**, o alumnado dos centros educativos de Betanzos (e as escolas unitarias de Coirós e Paderne) vai participar na **Carreira Solidaria “Corre por Betanzos 2024”**. O obxectivo primordial da carreira, ademais de fomentar o deporte e o compañerismo, é a solidariedade.

Por iso, cada alumno/a poderá aportar algún alimento non perecedoiro (pasta, galletas, leite, conservas...), que poderán levar ao centro en bolsas e será recollido pola Cruz Vermella e Cáritas de Betanzos. Tamén haberá a posibilidade de que os nenos/as ou os seus familiares leven os alimentos o mesmo día á zona da carreira e os deixarán na zona habilitada para que sexan recollidos por Cáritas e Cruz Vermella.

Ademais, este ano as familias tamén poderán participar na carreira xunto ao alumnado. Recordamos que non é competitiva, pode facerse andando ou correndo.

Lugar da actividade: Circuito nas pistas exteriores do Carregal, ao lado do parque do Pasatempo.

Horario dos diferentes grupos:

- Terceiro, cuarto e quinto de E.Primaria: 9.30 horas a 10.15 horas.
- E.Infantil e Escolas Unitarias: 10.30 a 11.00 horas.
- Primeiro e segundo de E.Primaria: 11.00 a 11.45 horas.
- Sexto de E.Primaria, ESO e BAC: 12.30 a 13.30 horas.

Se as condicións meteorolóxicas son adversas, a actividade suspenderase para o seguinte venres lectivo que acompañe o tempo.

O día da carreira terán que vestir roupa e calzado axeitado (preferentemente camiseta de cor branca ou do país dos Xogos Olímpicos que representen). Tamén sería recomendable levar unha gorra e unha botella de auga.

Confiamos en que sexa unha experiencia enriquecedora e divertida.

O Departamento de Educación Física do CEIP Francisco Vales Villamarín